

**ACTA DA PROBA DO COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE PERSOAL FUNCIONARIO/A INTERINO/A PARA A COBERTURA DE PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A (SUBGRUPO C2) DO CONCELLO DE MEIS NOS SUPOSTOS REGULADOS NO ART. 10.1 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO**

Nas dependencias da Casa Consistorial do Concello, sito en Avenida de Cambados, 67 – O Mosteiro (Meis), sendo as 11:00 horas do día 18 de novembro de 2024, reúnense os membros do tribunal cualificador para confeccionar unha listaxe para a cobertura de prazas de Auxiliar Administrativo de Administración Xeral (Subgrupo C2), como persoal funcionario interino, nos supostos regulados no art. 10.1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público polo procedemento de oposición libre, en aplicación das bases reitoras da convocatoria, aprobadas mediante Resolución da Alcaldía número 2024-0529, de data 25 de setembro de 2024, cuxa convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 195, do luns 7 de outubro de 2024.

Estando presentes:

- Presidente: D. José Manuel Blanco Sanmartín, Administrativo do Concello de Meis.
- Secretario (con voz e sen voto): D. Roberto Carrodegas Méndez, Secretario-Interventor adxunto do Concello de Meis.
- Vogal: D. Francisco Javier Martínez Sánchez, Administrativo do Concello de Meis.
- Vogal: D. Ramón Fariña Barral, Auxiliar Administrativo do Concello de Meis.

Escusa a súa asistencia Dna. María Carmen Merino Moina, Secretaria-Interventora do Concello de Meis.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, dáse conta que de conformidade coas bases que rexen a convocatoria, o segundo exercicio consistirá na realización da proba do coñecemento da lingua galega.

Estarán exentas de realizar este exercicio aquelas persoas aspirantes que acrediten, dentro do prazo de presentación de solicitudes, que están en posesión do Celga 3 ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

O aspirante MONTAGUT ROSELLO CARLES, con D.N.I. número 46\*\*\*\*25K, NON acredita na documentación que achega na solicitude o coñecemento do galego (CELGA 3 ou título equivalente) e polo tanto ten que realizar o exercicio da proba de coñecemento do idioma galego.

O exercicio consistirá na tradución directa ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego, nun tempo máximo de 30 minutos. Os textos serán elixidos polo Tribunal inmediatamente antes da realización da proba. Este exercicio será cualificado como apto ou non apto, correspóndelle ao Tribunal a fixación do nivel de coñecemento esixido para superar esta proba.



A estes efectos, o Tribunal, por unanimidade dos seus integrantes, con carácter previo á realización da proba, acorda realizar unha exercicio único consistente na tradución dun texto do castelán ao galego, considerando apta a proba de galego cando o candidato non supere o máximo de erros permitidos que se fixa en cinco (5). Será considerado erro aos efectos da presente proba cada equivocación na tradución do castelán ao galego, coas seguintes peculiaridades:

- 1.- A repetición ao longo do texto da mesma equivocación computará como un único erro.
- 2.- No caso dos acentos gráficos, cada dúas equivocación computará como un único erro.

De seguido, se procede ao chamamento do aspirante para a realización da proba, segundo as bases da convocatoria. O Presidente informa *in voce* ao aspirante sobre o contido da mesma.

Realizada a proba sobre o coñecemento do idioma galego, o resultado da mesma é o seguinte:

	APELIDOS E NOME	DNI	APTO/NON APTO
1	MONTAGUT ROSELLO CARLES	46****25K	APTO

Sendo as 11:30 horas, dáse por rematado o acto. E para que así conste e aos efectos oportunos, como Secretario do Tribunal, estendo a presente acta, asinádoa dixitalmente todos os presentes en proba de conformidade.

O TRIBUNAL

